



DÍA SEN VEHÍCULOS MOTORIZADOS

O pasado luns, 6 de xuño, celebramos no instituto o “Día sen vehículos motorizados”. O obxectivo era provocar unha reflexión sobre a necesidade de diminuír as emisións de CO₂ á atmosfera, así como lembrar a necesidade, cada día máis sentida, de practicar medidas de aforro e eficiencia enerxética.

Moitos de nós viñemos andando ou en bicicleta ó centro. Cómpre que iniciativas como esta, e outras que poidan aparecer, teñan continuidade. A saúde do noso planeta non aguanta moitas máis toladas.

Colectivo de alumnado, persoal non docente e profesorado a prol da eficiencia e o aforro enerxético.

FALAMELIDE É NOSA.

Dispoñémonos a escribir este artigo e, se vos somos sinceras, non sabemos moi ben cal é o noso fin, quizais que se escoite algo máis Falamelide.

Para os despistados: Falamelide é a radio do instituto, se a queredes sintonizar non tedes máis que sintonizar o 90.5 da FM, e para saber días e horarios só tedes que fixarvos nos letreiros que hai pegados polos corredores.

En Falamelide poderedes escoitar diversidade de temas e, por suposto, ¡Moita música!

Non estamos moi informadas, pero imaxinamos que en toda Galicia non haberá moitos centros que contén con algo así.

¿De verdade credes que vale a pena desperdicialo? nós non; polo tanto quizais sexa ese un dos motivos polos que estamos a escribir isto. Non podemos deixar de lado a esas persoas que fan que Falamelide non se vaia abaixo, a todas elas moitas grazas e noraboa.

Pola nosa parte non queda nada máis que dicir, só pedirvos un favor e é que cando rematedes de ler isto pades a reflexionar un pouco sobre el.

O dito, a escoitar Falamelide e graciñas polo voso tempo!!!



Marga e Rˆcya (BAC 1ˆC)

AXEITADA INFORMACIÓN

Cando falamos de información neste centro ¿falamos de información axeitada? É dicir ¿dispoñemos dunha información que responda aos nosos intereses? Ao meu parecer, non.

Todo o mundo comenta a indecisión do alumnado á hora de escoller unha carreira. É bastante trágico chegar a segundo de Bacharelato sen saber que camiño coller, a maioría da xente colle as optativas “simplemente por coller”. É verdade que se nos proporden de charlas informativas, pero en soamente ao que queira dedicarse a unha persoa que fale de cada unha o alumnado, pero penso que sería falase dos temas realmente relacióntrícula, as residencias universitarias terías que hai... Seguro que todo iso despois quéixanse de que non acubargo se eu vou estudar unha Filoloxía, eu unha información sobre soldadura e caldeirería? ¿para cultura xeral? Non, creo que isto non é o caso.

Por iso escribo este artigo, para que se nos sexa concedida unha información que realmente precisamos e da que non somos coñecedores. Estamos a aprender xeometría, sintaxe, etc cando non sabemos nin como se constrúe un currículo ¿é iso axeitado? Non sei, vós veredes, mais aí tedes a miña opinión.



Mirta Sueiro Costoya